

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2012.

En Bergondo, a 20 de febreiro de 2012 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo).

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dña. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dña. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.

- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1.- INFORME PROXECTOS PRESENTADOS AO PROGRAMA LEADER.

2.1.1.- AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADES DO CLUB DE TENIS A PEDRALBA (L11-41300-29-0142)

Con data 16 de decembro de 2011 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de “Ampliación de actividades do club de tenis a Pedralba”.

A entidade promotora é a Asociación privada “CLUB DE TENIS A PEDRALBA, creada no ano 1999 en Covas (Bergondo).

Este proxecto produtivo consiste en cubrir a pista de padel, equipar un local para adicalo a ximnasio e equipar outro para adicalo a local social. Na actualidade contan con pistas de tenis, padle e un local con cafetería. A entidade promotora non conta con persoal contratado. Con este proxecto non adquire o compromiso de creación de emprego.

Investimentos do proxecto: mobiliario do local social, cuberta da pista de padel e equipamento do ximnasio.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado IV “Servizos para a economía e a poboación rural”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 91.180,29.- € (77.271,43.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 51,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 35,92% (27.755,90.-€) sobre un orzamento elixible de 77.271,43 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER, tendo que aclarar previamente o promotor, se vai crear emprego.

A continuación o Xerente do Programa informa aos asistentes, sobre dous proxectos máis que están no anexo de Rogos e Preguntas enviado posteriormente á Convocatoria, e que se aproba trasladar a este punto.

2.1.2.- AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS FORESTAIS EN CARRAL (L12-41300-29-0160)

Con data 24 de xaneiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de ampliación empresa de servizos forestais en Carral.

O promotor do proxecto, Andrés Seoane, é unha persoa física que conta na actualidade cun serradoiro en Carral. No ano anterior recibiu unha axuda do Programa Leader por importe de 11.640,68.-€ (pendente de cobro) para adquisición dun tractor-grúa para a realización de tarefas de limpeza das marxes dos ríos, ademais de desbroce de montes.

Este novo proxecto consiste en adquirir outro tractor de maior capacidade, cunha grúa de maior tamaño para ampliar a realización de tarefas de limpeza das marxes dos ríos e de mellora na xestión dos montes.

O promotor non adquire o compromiso de creación de emprego con este proxecto.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II “Creación, ampliación e modernización de PEMES”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 49.560.- € (42.000.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 52 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 36% (15.120.-€) sobre un orzamento elixible de 42.000 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3.- CREACIÓN CAMPO DE PICH AND PUTT EN PADERNE (L12-41300-29-162)

Con data 01 de febreiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dun campo de golf en Paderne.

A entidade promotora do proxecto, “AS MARIÑAS PICH AND PUTT, SOCIEDAD LIMITADA” é unha persoa xurídica de recente constitución.

Este proxecto produtivo consiste na creación dun Campo de Pitch and Putt no lugar de Chedas, parroquia de Velouzás do Concello de Paderne, coa finalidade de ofrecer un servizo deportivo e de ocio no Concello de Paderne, non existindo actualmente este servizo no Concello.

O promotor adquire o compromiso de creación de emprego dunha persoa a media xornada, colectivo desfavorecido.

Investimentos do proxecto: obra civil do Campo de Pitch and Putt, cortadora de green, segadora e apeiros (rastrillo, afiladora e carretilla) .

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado IV “Servizos para a economía e a poboación rural”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 259.186,89.- € (219.649,91-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 71 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (98.842,46.-€) sobre un orzamento elixible de 219.649,91.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

A continuación infórmase sobre os proxectos denegados, que tamén foron enviados posteriormente á Convocatoria no anexo de Rogos e Preguntas.

2.2. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013

2.2.1. RECUPERACIÓN ECOSISTEMAS FLUVIAIS BACÍA HIDROGRÁFICA DO ENCORO DE ABEGONDO (L11-41200-29-0088).

Con data 03 de marzo de 2011 ten entrada no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda do Concello de Abegondo para a realización do proxecto “Restauración ecosistemas fluviaais da bacía hidrográfica do Encoro de Abegondo L11-41200-29-88”.

Este proxecto non produtivo consiste na restauración da vexetación de Ribeira dos cursos fluviaais en mal estado da bacía hidrográfica que verte ao LIC do Encoro de Abegondo-Cecebre. Con este proxecto vaise axudar á obtención do bo estado de catro masas de auga que abastecen aos habitantes da área metropolitana de A Coruña e que na actualidade carecen da calidade necesaria.

Con data 01 de xullo de 2011, o Concello de Abegondo presenta a desistencia da solicitude de axuda anterior.

Con data 06 de xullo de 2011 envíase a Agader a desistencia presentada e o ICE.

Con data 16 de febreiro de 2012 recíbese de Agader a verificación do ICE (desfavorable) para que sexa ratificado pola Xunta Directiva e se proceda ao arquivo do expediente.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.2.2. AMPLIACIÓN SERVIZOS DUN COMPLEXO DEPORTIVO (L10-41300-29-0060)

Con data 07 de setembro de 2010 ten entrada no rexistro da Asociación Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a ampliación de servizos dun complexo deportivo “SPORTING CLUB CASINO DE LA CORUÑA”.

O proxecto consiste na construción de 5 pistas de pádel e unha pista polideportiva, nas instalacións deportivas situadas na localidade de San Esteban de Culleredo (Concello de Culleredo).

Unha vez baremado o proxecto polo equipo técnico, comprobábase que non acadaba a puntuación mínima necesaria para a elixibilidade do proxecto e procédese a emitir o Informe de Control de Elixibilidade Desfavorable.

Con data 13 de xuño del 2011, Agader solicita requirimento de documentación do expediente anterior. Con data 16 de novembro de 2011 envíase a Agader contestación ao requirimento anterior. Con data 16 de febreiro de 2012 recíbese de Agader a verificación do ICE (desfavorable), para que sexa ratificado pola Xunta Directiva e se proceda ao peche do expediente.

A Xunta Directiva acorda unha resolución desfavorable para este proxecto. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.3. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PARA ACTIVAR NO ANO 2012,

2.3.1. MEDIDA 411:

Na anualidade 2012, os fondos pendentes de comprometer **na medida 411** ascenden a 103.128,98.-€

O réxime de axudas do Programa Leader 2007-2013 respecto á activación de proxectos establece o seguinte:

- Primeiro terase que subvencionar aqueles proxectos para os que se ditase resolución de concesión, con adjudicación parcial de fondos por esgotamento de crédito. Non existen proxectos nesta situación.

- A continuación, os proxectos que contén co ICE validado favorablemente por Agader dentro da anualidade anterior, en atención á súa orde de puntuación.

Proxectos da medida 411 a 31 de decembro de 2011

Expediente nº 96 “Investimento no sector agrario posta en marcha de novas producións”:

Expediente co ICE favorable.

Este proxecto de posta en marcha de novas producións no Concello de Abegondo é promovido pola sociedade civil “Frutas Geixade S.C.” ubicada no mesmo Concello de Abegondo.

Antes de formar a sociedade civil, os socios adicábanse como autónomos á plantación de amorodos. A boa marcha do negocio os leva a crear unha sociedade para unir esforzos e ampliar o negocio.

O proxecto consiste na plantación de kiwis de alta densidade da nova variedade “Soreli”, variedade non existente en Galicia, con carne de cor amarela. Comprende tamén a implantación de invernadoiros para producir novas variedades de amorodos de duración tres anos en produción (variedades Portolas e San Andrea), de elevada precocidade e dulzor.

Os investimentos serán:

-Respecto do kiwi: Adquisición e plantación, arame, postes, peche de finca e instalación de rego.

-Respecto da fresa: Adquisición e plantación, actuacións de preparación da finca, invernadoiro e instalación de rego.

Investimentos: 89.230,58.-€ Puntuación: 71,25

Porcentaxe de axuda: 45% Axuda: 40.153,73.-€

A entidade promotora adquire o compromiso de crear 1,5 empregos, colectivo desfavorecido.

Expediente nº 98 “Mellora en fábrica de pensos composto para animais”:

Expediente que leva máis de dous meses en Agader, polo que enténdese que o ICE foi verificado favorablemente.

O promotor do proxecto é a cooperativa agraria “EL PLANTEL COMARCAL DE BETANZOS S.C.GALEGA” situada en Paderne e adicada á fabricación de pensos.

Preténdese ampliar esta fábrica de pensos compostos para animais.

O proxecto consiste na instalación dunha nova liña de pesaxe, ensacado e paletizado semiautomática, na montaxe de novos silos de materias primas, na colocación dun elevador de piqueta e na instalación de novas tolvas de carga de graneis de maior capacidade e mellor rendemento. Preténdese ampliar e modernizar esta fábrica de pensos compostos para animais co obxectivo último de incrementar o rendemento do proceso produtivo.

Detalle dos investimentos solicitado: unha báscula, transportadores sinfín e montaxe, silo de melaza, torre de materias primas, torre de catro celdas e elevador.

Investimentos: 123.350.-€ Puntuación: 45

Porcentaxe de axuda: 32,5% Axuda: 40.088,75.-€

A entidade promotora non adquire o compromiso de crear emprego.

Expediente nº 105 “Implantación de maceiras para sidra en Aranga”:

Expediente co ICE favorable. Con data 01 de febreiro de 2012 o promotor desiste da solicitude de axuda presentada.

Expediente nº 108 “Ampliación serradoiro de madeiras en Carral”:

Expediente co ICE favorable. Con data 27 de xaneiro de 2012 o promotor desiste da solicitude de axuda presentada.

Expediente nº 124 “Dinamización explotación agraria en Vixoi (Bergondo)”:

Pendiente de recibir o ICE favorable de Agader.

Expediente nº 130 “Ampliación explotación agraria en Cesuras”:

Pendiente de recibir o ICE favorable de Agader.

Expediente nº 136 “Explotación horta en Figureroa (Abegondo)”:

Pendiente de recibir o ICE favorable de Agader

POR TODO O EXPOSTO, SOLICÍTASE A ACTIVACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES:

Expediente nº 96 “Investimento no sector agrario posta en marcha de novas producións”: 40.153,76€.

Expediente nº 98 “Mellora en fábrica de pensos composto para animais”: 40.088,75€

A XUNTA DIRECTIVA AUTORIZA A ACTIVACIÓN DOS EXPEDIENTES SINALADOS ANTERIORMENTE.

2.3.2.MEDIDA 412:

A 31 de decembro de 2011, na medida 412 existe un único proxecto que absorbería todos os fondos existentes e que ascenden a 13.406,78:

Expediente nº 86 “Rexeneración e Protección da Fraga do Vinte”:

Con data 01 de febreiro de 2012 recíbese o Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader.

O promotor deste proxecto é a Entidade Local do Concello de Oza dos Ríos e consiste nun conxunto de actuacións a levar a cabo para recuperar o entorno natural da Fraga do Vinte, na parroquia de Porzomillos.

Dende fai tempo os carballos senlleiros, que son o núcleo desta área, presentan un grande deterioro con ramas secas e síntomas de podredume a nivel de tronco. É natural que en determinadas épocas do ano os carballos, de folia caduca, realicen unha autopoda de pequenas ramas aproveitando os ventos. Sen embargo as ramas caídas e as que están a secar nestas árbores son, nalgúns casos, partes enteiras das copas. Incluso algunha árbore secou por completo e algunha outra chegou a partir pola metade. A caída de ramas secas constitúe, ademais dun síntoma de enfermidade das árbores, un perigo para os veciños e visitantes que utilizan a Fraga como zona de lecer.

A importancia desta área non radica soamente no valor natural dos carballos centenarios, senón tamén no valor etnográfico, social e paisaxístico do conxunto. Ademais de recoñecerse como solo de Protección do Patrimonio no Plan Xeral de Ordeación Municipal do Concello de Oza, por estar no entorno dun cruceiro recoñecido dentro do Catálogo de Patrimonio municipal, este lugar toma actualmente o nome do día no que se celebra a feira de gando máis importante da comarca o día vinte de cada mes.

Os obxectivos que se perseguen coas actuacións deste proxecto son as seguintes:

- 1.-Rexeneración das árbores degradadas.
- 2.-Recoñecemento da fraga como Espazo Natural de Interese Local.
- 3.-Recuperación da Feira do Vinte.

Investimentos: 18.883.-€ Puntuación: 79

Porcentaxe de axuda: 70% Axuda: 13.218,10.-€

Non se vai xerar emprego con este proxecto.

A XUNTA DIRECTIVA ACORDOU A CONCESIÓN DE AXUDA AO EXPEDIENTE SINALADO ANTERIORMENTE.

2.3.3. MEDIDA 413:

Na medida 413 para proxectos produtivos existen 171.905,07.-€ fondos do Programa Leader sen comprometer.

A 31 de decembro de 2011, na medida 413, existen os seguintes proxectos produtivos co ICE favorable de Agader:

Expediente nº37 “Creación centro de día no Concello de Abegondo”. Puntos:70.

Non conta coa licenza de obra e non vai executar o proxecto nesta anualidade, segundo ten notificado ao Grupo a entidade promotora.

Expediente nº57 “Servizo de laboratorio para explotación agraria”. Puntos: 69

Con data 03 de febreiro de 2011 a Fundación ACIVEGA presentou a desistencia da solicitude de axuda deste proxecto.

Expediente nº 40 “Creación restaurante en Velouzás Paderne”. Puntos 59 :200.000.-€

A entidade promotora do proxecto, Refuxio de Paderne S.L., é unha sociedade unipersonal onde Mª Jose Faraldo García é a única socia.

Mª José Faraldo García é propietaria dunha casa de turismo rural no mesmo lugar onde se vai a ubicar o restaurante. A boa aceptación que está tendo a casa de turismo rural, levoulle a considerar que a creación dun restaurante aumentaría o valor engadido do aloxamento, ademais de ofrecer un servizo de restauración non só á clientela da casa de turismo rural senón á poboación en xeral.

O restaurante se adicaría a ofrecer pratos típicos galegos utilizando na súa elaboración materias primas do territorio e materias primas obtidos pola promotora nos seus propios viveiros e hortas.

A promotora levaría directamente a xestión do restaurante, xunto co seu marido, un irmán e un fillo con coñecementos de restauración.

Os investimentos deste proxecto consisten na construción do restaurante e amoblamento da cociña do restaurante.

No restaurante vanse diferenciar dúas zonas: unha zona adicada a ofrecer comidas diariamente, dotada de 4 mesas con capacidade para 10 persoas cada unha e outra zona de maior capacidade con 25 mesas (10 persoas cada mesa) que se destinaría a celebración de eventos. Capacidade total: 290 persoas.

Investimentos: 510.491,02-€ Puntuación: 59

Porcentaxe de axuda: 39,5% Axuda: 200.000.-€

A entidade promotora adquire o compromiso de crear 1 emprego, colectivo desfavorecido

Solicítase a activación do expediente nº 40 “Creación restaurante en Velouzás Paderne”coa seguinte distribución de fondos por anualidades:

Anualidade 2012: 84.077,86.-€

Anualidade 2013: 87.827,19.-€

Quedaría pendente da reserva de eficacia: 28.094,95.-€

A XUNTA DIRECTIVA ACORDA A APROBACIÓN DE AXUDA PARA ESTE EXPEDIENTE DE CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZAS.

2.4. PECHE DE EXPEDIENTES DO PROGRAMA LEADER.

Na actualidade cóntase no Programa Leader con expedientes, cujos promotores presentaron o desistimento da axuda solicitada:

- Expediente nº 7: Creación de planta de transformación de cultivos hortícolas.
- Expediente nº 6: Creación de planta de transformación e secado de lúpulo.
- Expediente nº 5: Reimplantación cultivo de lúpulo no territorio.
- Expediente nº57 Servizo de laboratorio para explotación agraria.
- Expediente nº105 Implantación de maceiras para sidra en Aranga.
- Expediente nº 108 Ampliación serradoiro de madeiras en Carral
- Expediente nº 80 Taller de reparacións e aluguer de bicicletas.
- Expediente nº 19 Creación casa de comidas en Aranga-Cambás.

Tamén existen no Programa Leader outros expedientes que non contaban coa viabilidade financeira necesaria para levar a cabo a execución do proxecto o que da lugar á emisión do ICE desfavorable e que se detallan a continuación:

- Expediente nº 8: Creación centro de día en Irixoa.

O promotor non contaba coa financiación allea necesaria para financiar o proxecto.

- Expediente nº 21 Complexo de ocio e restaurante “Casa O Cruceiro”

O promotor non contaba coa financiación allea necesaria para financiar o proxecto.

Solicítase á Xunta Directiva autorización para o arquivo dos expedientes anteriores.

A XUNTA DIRECTIVA AUTORIZA O PECHE E ARQUIVO DOS EXPEDIENTES SINALADOS ANTERIORMENTE.

3. 3. INFORME PROGRAMA “AGROEMPREGA” RELATIVO A DECEMBRO 2011- XANEIRO 2012.

A continuación se debate o informe elaborado polo Equipo Técnico con información relativa ao Programa AGRO-EMPREGA dende decembro de 2011 a xaneiro de 2012.

CONCLUSIÓNS: Dende a Xunta Directiva acórdase acompañar aos alumnos no proceso de inserción laboral.

4. INFORME AVANCES CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA

4.1. Reunión Concellos (Mocións).

O día 24 de xaneiro de 2012, reuníronse no Salón de Plenos do Concello de Abegondo os representantes dos 17 concellos que forman parte do GDR Mariñas – Betanzos, así como tamén foi convidado o representante do Concello de Sobrado.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña, acudiu a súa Vicepresidenta María Faraldo, e pola Universidade de Santiago de Compostela, o seu Vicerrector de Investigación Pablo Ramil; e pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Santiago Fernández-Lasquetty. Tamén estivo presente, Jerónimo Puertas Agudo, do Programa Mandeo.

Desde a Universidade de Santiago de Compostela, Pablo Ramil, explicou as oportunidades e posibles “inconvenientes” que a declaración como Reserva Mundial da Biosfera podería representar para este territorio, incidindo tamén, en que a UNESCO está a esixir unha maior participación pública, por parte de todos os axentes locais implicados, na xestión e na configuración da futura Reserva Mundial da Biosfera, así como na necesidade de seguir avanzando na conservación dos espazos de alto valor medioambiental a través das distintas figuras de protección, como poden ser os Espazos Naturais de Interese Local que son competencia municipal.

Lembrouse aos asistentes que a Candidatura debería presentarse no mes de maio de 2012 para informe da Xunta de Galicia, para que no mes de xuño poida trasladarse ao Comité Español do Programa MaB en Madrid e no mes de setembro poida tratarse na reunión da UNESCO en París, que serían os que a validarían.

Ao longo da reunión, tiveron lugar intervencións dos asistentes e que teñen sido aclaradas por técnicos da Universidade de Santiago de Compostela. Neste senso, houbo consultas sobre as restricións ou limitacións que pode supoñer esta figura en canto ao desenvolvemento socioeconómico dos concellos, e a este respecto tense aclarado que as Reservas da Biosfera non teñen normativa propia e que todas as limitacións van a vir dadas pola normativa sectorial de aplicación aprobada e polos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOMs).

En canto ás oportunidades que pode representar esta figura, os técnicos da Universidade de Santiago de Compostela teñen posto de relevo a prioridade das Reservas da Biosfera en relación á recepción de diferentes axudas procedentes da Unión Europea – Política Agraria Común – ou das distintas Administracións, pasando a ser prioritarias na asignación de fondos para desenvolvemento rural e actuacións en zona Rede Natura.

Os representantes municipais acordaron trasladar o debate aos Concellos, co obxectivo de **aprobar unha Moción Municipal antes do remate do mes de febreiro**, co compromiso de traballar coordinadamente nesta candidatura. Xúntanse os anexos falados. (VER ANEXO III)

4.2. Informe sobre órganos de xestión.

Xúntase documento como anexo. (VER ANEXO IV).

A XUNTA DIRECTIVA ACORDA SEGUIR TRABALLANDO A ESTE RESPECTO, CONVOCANDO UNHA REUNIÓN ESPECÍFICA, DA QUE SE INFORMARÁ DA DATA E CONTIDOS EN TEMPO E FORMA.

4.3. Informe declaración ENIL`S dende os Concellos.

Xúntase documento como anexo. (VER ANEXO V)

A Xunta Directiva acorda que se remita este informe aos 18 concellos que van participar na candidatura.

5. INFORME INSCRICIÓN DO GDR MARIÑAS – BETANZOS NO REXISTRO DE ENTIDADES XUVENÍS E NO DE ENTIDADES CULTURAIAS DE GALICIA.

En Xunta Directiva celebrada o 14 de novembro de 2011 acordouse solicitar a inscrición da Asociación Mariñas – Betanzos nos diferentes censos de entidades da xunta relacionados cos obxectivos estatutarios

Con data 02 de febreiro de 2012 ten entrada no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos certificado e resolución favorable de inscrición no Censo de entidades xuvenís e prestadoras de servizos á xuventude da “Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos”, figurando inscrita co número de orde 15PS0129.

Conforme ao disposto no artigo 91 do Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, no mes de decembro de cada ano o GDR Mariñas – Betanzos deberá presentar ante a Dirección Xeral o manifesto de continuar inscrita neste censo e comunicar as posibles modificacións dos datos existentes, se fora o caso.

Informar tamén que estando pendente de publicar no DOG, tense resolución favorable de inscrición no Censo de entidades culturais de Galicia.

Tamén tense feito a solicitude de inscrición no rexistro de entidades de acción voluntaria de Galicia, estando pendente de resolución.

6. SEGUIMIENTO PROXECTOS DE COOPERACIÓN.

Guía de Produtores Agroalimentarios Mariñas – Betanzos

Informase aos asistentes que tense elaborado unha Guía onde se dan a coñecer as producións Agroalimentarias de Mariñas – Betanzos.

Esta guía enmarcarse dentro do Proxecto de Cooperación interterritorial ASGAIA INNOVACIÓN “Rede Asturgalega de Industrias Agroalimentarias: Estratexias para a innovación”, financiado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e que ten como fin último ofrecer solucións innovadoras ás empresas agroalimentarias emprazadas no medio rural que posibiliten mellorar a súa competitividade”.

A Guía conta está composta por 29 fichas de entidades e/ou produtores/as distribuídas en 6 apartados: Horta; Viño e augardentes; lácteos; Pan e repostería tradicional; produtos das rías e outras producións.

Acórdase facer unha presentación aos medios de comunicación desta Guía no ámbito territorial de Mariñas – Betanzos, convidando aos participantes a dita presentación, si é posible nun día de mercado. Posteriormente tamén se faría unha presentación nalgún mercado municipal da cidade da Coruña.

Pódese consultar esta guía na web de marinas – betanzos (www.marinasbetanzos.com)

7. ROGOS E PREGUNTAS

7.1. REUNIÓN ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA.

Infórmase aos asistentes que esta Asemblea celebrarase o vindeiro xoves 23 de febreiro ás 17.00 horas, na sede do GDR “Terras do Deza” en Lalín (Pontevedra), coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior se procede.
2. Aprobación da memoria de actividades e das contas da Asociación correspondente ao 2011.
3. Ratificación da nova composición da Xunta Directiva da Asociación.
4. Organización do Congreso sobre Desenvolvemento Rural.
5. Aprobación do Programa de actividades para o ano 2012 e do orzamento.
6. Rogos e preguntas.

7.2. INFORME SOBRE A ORGANIZACIÓN POLA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA DUN CONGRESO SOBRE DESENVOLVEMENTO RURAL.

Infórmase aos asistentes que a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia ten previsto celebrar no mes de novembro de 2012, un Congreso sobre Desenvolvemento Rural .

Para elo iniciárase un **proceso de debate** entre todos os GDR's interesados, co obxecto de identificar necesidades e oportunidades para o rural galego no futuro, baseado nas seguintes premisas:

1. Debe basearse nun diálogo social real:
 - Debe entrarse en profundidade en cada un dos temas, xerándose un debate real e profundo
 - Debe de haber participación dos axentes sociais directos.
 - Ten que permitir a participación dos Territorios.
2. Austeridade no gasto.
3. Dinamización dos territorios polos actos e gastos que se deriven do evento.
4. Formato común e de coherencia na organización do calendario e temas a debate.

O proceso que culminará coa celebración dun Congreso sobre Desenvolvemento Rural contará cos seguintes fitos:

1. Presentación da iniciativa a cargo do presidente da Asociación aos medios de comunicación, cronograma e programación, tanto á prensa como ao público en xeral.

2. Proceso de debate e reflexión en torno a áreas temáticas de interese para o rural nos distintos territorios. Organízase un calendario de debates sobre temas de interese para o rural galego. Cada xornada de debate realizase nun territorio distinto, de forma que participen os GDRs que así o desexen. É libre a elección de albergar un debate no seu territorio. Os temas de debate se escollense previamente entre todos, e distribúense nos territorios que o desexen. Establecese un marco e formato común para os debates.

Haberá debates que apenas precisen de **financiamento**, e outras xornadas que se poderían cubrir con **expedientes da 431B**. Cada GDR participante formula o expediente da xornada do seu territorio.

Pódense integrar dous tipos de temáticas nos debates:

1. Temáticas de interese para varios GDRs en particular, sendo estes quen dinamizan a participación e o debate. Trataríase dunha perspectiva territorial (ex.: xonas periurbanas, territorios de montaña, etc.)
2. Temáticas sectoriais de interese xeral para todo o Rural Galego. Nestes temas todos os GDRs deberían colaborar en animar á participación de axentes de cadanseu territorio que teñan relación co tema en particular. (ex.: o valor engadido de produtos, a profesionalización, etc.).

De cada evento poderanse extraer conclusións, que cada GDR organizador, en colaboración coa Rede Rural Galega, debería recoller.

En cada unha destas xornadas poderían participar:

- Os axentes sociais directamente implicados
- Directa ou indirectamente os GDRs

- Axentes decisores do PDR 2014-2020 co obxectivo de implicalos no debate (máis aló da realización de poñencias)
- Expertos nalgún tema específico

3. Congreso que integre as conclusións

O lugar concreto para a celebración do Congreso (Auditorio, Hotel, etc.) será estudado, valorando sempre un espazo económico e acorde co evento. Neste sentido propóñense dous espazos gratuítos: o Museo Pedagóxico de Galicia, ou ben a aula magna dalgunha facultade da USC.

Os obxectivos deste Congreso serían:

1. Visualizar unha diagnose da situación actual do medio rural no ano 2012.
2. Reflexionar sobre os aportes do medio rural á sociedade.
3. Debater sobre as futuras liñas de apoio ao rural no marco da nova PAC e sobre a satisfacción das necesidades do rural (2014-2020)
4. Visualizar as oportunidades que se abren para o medio rural na situación actual.
5. Chequear a metodoloxía LEADER como ferramenta de cambio no rural.
6. Fomentar as sinerxías entre os diferentes axentes do medio rural.

7.3. RED RURAL FRANCESA: PRIMER MERCADO EUROPEO DE PRODUCTOS LOCAIS.

A Rede Rural, ten remitido ao correo electrónico do GDR Mariñas – Betanzos unha invitación da “RED RURAL FRANCESA” ao “PRIMEIRO MERCADO EUROPEO DE PRODUCTOS LOCAIS” que se celebrará do 10 ao 12 de maio de 2012 en Pays du Velay.

No ano 2010, o País de Vely tivo a oportunidade de participar un proxecto transnacional con Holanda, Polonia, Hungría e Finlandia sobre o tema da comida local.

Neste proxecto cada socio organiza un mercado europeo para promover a comida local e reunir aos produtores locais en conferencia e eventos sobre o tema da distribución local, as redes e os vínculos entre a agricultura e o turismo.

Así en Francia será onde se levará a cabo este primeiro mercado europeo, onde se compartirán experiencias entre los participantes, e se debateran entre outras as seguintes temáticas:

- Locais de promoción de produtos, diferentes formas de venta directa.
- Organización dun sector de calidade da produción.
- Transformación de produtos.

Realizaranse visitas a granxas de produtores, conferencias, visitas a mercados típicos...

7.4. ENLACE PARA DESCARGAR A GUIA DE PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIAS DE MARIÑAS – BETANZOS.

<http://www.marinabetanzos.com/2012/02/guia-de-productores-agroalimentarios.html>

7.5. INFORME DE NOVO REPRESENTANTE NA XUNTA DIRECTIVA DO GDR MARIÑAS – BETANZOS DA ASOCIACIÓN ROXIN ROXAL.

Con data 9 de febreiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos escrito comunicando o cambio de representante na Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos da Asociación Roxin Roxal. Actualmente o representante é José Francisco Castro Vilariño, comunicando que agora a nova representante será Sabela Pérez Iglesias.

A este respecto a Asociación Roxin Roxal deberá presentar na sede do GDR Mariñas – Betanzos este acordo ratificado pola súa Asemblea Xeral de Socios para que sexa efectivo.

A Xunta directiva acorda convidar a título persoal a José Francisco Castro Vilariño ás reunións de Xunta Directiva, baseándose en que ten axudado a impulsar o proceso de Candidatura a Reserva da Biosfera, e sería unha mágoa perder este activo durante o proceso.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Bergondo, a 20 de febreiro de 2012

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Vicepresidente

Asdo.: D. Cesar Longo Queijo